

MÁSTER UNIVERSITARIO EN
FILOSOFÍA. COÑECIMIENTO E CIDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2024-25

MENTE HUMANA

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

1.1. DATOS BÁSICOS

NOME DA MATERIA: **Mente Humana**

CÓDIGO: **P5251203**

TIPO DE MATERIA: **Materia Optativa Ordinaria Master RD 1393/2007**

CONVOCATORIA: **Primeiro semestre**

ITINERARIO DO MASTER: **Coñecemento e comprensión do mundo**

Nº DE CRÉDITOS: **3ECTS** (desglosados en: 9 h. de clases expositivas, 12 horas de clases interactivas de seminario, 3 de tutorías, 51 de traballo do alumno; total: 75 h.).

LUGAR: Facultade de Filosofía, Plaza Mazarelos s/n

1.2. PRERREQUISITOS:

Ningún, aínda que en condición óptimas sería recomendable ter cursado algunha materia relacionada con filosofía da linguaxe e lóxica.

1.3. IMPARTICIÓN:

Responsable: Prof. Xavier de Donato

Lingua na que se imparte: Castelán

1.4. TITORÍAS:

Despacho do profesor responsable da materia.

O horario de titorías (individuais) determínase ao comezo de cada curso. O das grupales irase especificando ao longo do mesmo.

Poden formularse consultas por correo electrónico á dirección: xavier.dedonato@usc.es

2. SENTIDO DA MATERIA NO PLAN DE ESTUDOS

2.1. PAPEL DA MATERIA NO BLOQUE E NO CONXUNTO DO PLAN DE ESTUDOS

A materia Mente Humana é unha materia optativa dentro do itinerario de Coñecemento e comprensión do mundo do Master Universitario Filosofía e Cidadanía, integrado por seis materias optativas (Desenvolvemento do coñecemento científico, Teorías e procesamento da información, Pensamento e discurso, Pensamento e humanidades dixitais e Perspectivas actuais de historia da filosofía, ademais da presente), que permiten un achegamento a distintos aspectos do coñecemento humano tal e como se entende actualmente, os seus retos, os seus problemas, o seu alcance e as súas interrelacións. O obxectivo principal da materia é familiarizar ao alumno cos temas principais da filosofía da mente e das ciencias cognitivas, para así preparalo e orientalo na súa futura carreira laboral, docente e/ou investigadora.

2.2. INTERESE DA MATERIA PARA A FUTURA PROFESIÓN.

A filosofía da mente, á cal esta materia pretende introducir, reviste especial importancia e interese, xa que se trata dunha materia de plena actualidade e que garda relación con multitude de materias filosóficas e científicas. En efecto, a filosofía da mente é hoxe, no cambio do milenio, unha das máis prometedoras disciplinas da filosofía, dado o especial vínculo que garda coa neurociencia, a ciencia cognitiva, a computoloxía, a lingüística, a etoloxía, a psicoloxía evolutiva, as ciencias biomédicas, etc. O estudo do cerebro e das bases neuronais da consciencia converteuse na actualidade nun dos grandes campos de investigación, por necesidade interdisciplinar. O estudo da filosofía da mente, e máis se se aborda dende un enfoque en parte naturalista en parte analítico-conceptual, pode axudar a esclarecer e guiar os problemas da investigación neste campo. Un enfoque naturalista permite familiarizar ao alumno cos fundamentos empíricos dos problemas, mentres que un enfoque conceptual permite abordar os problemas desde unha óptica analítica que

permitirá clarificar e situar os distintos puntos críticos do debate e, por suposto, a coñecer mellor a literatura filosófica actual sobre os temas que estruturan o programa e que poderán ser materia para futuras investigacións (traballo fin de grao, traballo fin de master, tese doutoral).

3. OBXECTIVOS DA ASIGNATURA

Os obxectivos da materia son, por unha banda, adquirir coñecementos sobre a filosofía da mente e as ciencias cognitivas, desenvolver a reflexión crítica na análise dos problemas relacionados coa mente e a cognición humanas (análises da percepción, a memoria, a relación entre linguaxe e pensamento, as outras mentes, a identidade persoal, a liberdade da vontade, o problema mente-corpo), así como adquirir os conceptos necesarios para abordar os distintos problemas da filosofía da mente, así como a capacidade analítica para elaborar o estudo crítico dos mesmos, desenvolvendo as destrezas argumentativas mediante o exame de argumentos dispoñibles e a través do debate en clase. Tamén se estimulará o desenvolvemento de destrezas para elaborar e desenvolver propostas propias en forma de pequenos traballos ou ensaios e de respostas a cuestionarios sobre lecturas. Os seguintes obxectivos e competencias básicos que a continuación se sinalan están claramente en consonancia cos obxectivos e competencias básicas do máster.

3.1. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS BÁSICOS RELACIONADOS COS COÑECEMENTOS E HABILIDADES A ADQUIRIR NA MATERIA.

- (i) que os estudantes saiban aplicar os coñecementos que adquiran para identificar, formular e resolver problemas dos nosos tempos.
- (ii) que adquiran capacidades e coñecementos para a análise crítica en relación a achegas investigadoras.
- (iii) que sexan capaces de transmitir coñecementos, ideas orixinais e solucións propostas.
- (iv) que sexan capaces de desenvolver unha dinámica de reflexión con actitude pro-activa e creativa na procura de solucións.

- (v) que os estudantes teñan habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestións e problemas susceptibles de ser abordados e resoltos.
- (vi) posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
- (vii) que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
- (viii) que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
- (ix) que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
- (x) que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirigido.

3.2. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS ESPECÍFICOS RELACIONADOS CO DOMINIO DAS FERRAMENTAS DE APRENDIZAXE OU DE FORMACIÓN.

- (i) Coñecer e comprender formulacións filosóficas relacionadas cos ámbitos temáticos do master.
- (ii) Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.
- (iii) Adquirir habilidades para a transmisión e ensino de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.
- (iv) Saber aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de novos problemas.
- (v) Ser capaz de: analizar e sintetizar, argumentar lxicamente, formular xuízos, e deliberar conforme a criterios éticos.
- (vi) Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.

3.3. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS ESPECÍFICOS VINCULADOS A VALORES OU ACTITUDES DE MODO XERAL:

- (i) que os estudantes na súa actividade profesional e actuación persoal, difundan e apliquen os principios do respecto e a promoción dos dereitos fundamentais das persoas así como os valores democráticos e dunha cultura humanística e de paz,
- (ii) que desenvolvan o razoamento crítico e o compromiso ético;
- (iii) que desenvolvan o sentido social, fomentando a cooperación e a mediación; e
- (iv) que desenvolvan a capacidade de reacción e o espírito construtivo. De modo máis especial: adquisición de destrezas para o debate público, a tolerancia e os valores cooperativos e democráticos.

3.4. COMPETENCIAS TRANSVERSAIS.

- (i) Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación.
- (ii) Manexar e analizar criticamente fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.
- (iii) Valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas
- (iv) Promover o respecto aos dereitos humanos e á diversidade cultural e das persoas, así como desenvolver valores contra as desigualdades de xénero.

4. CONTIDOS DA MATERIA

4.1. INTRODUCCIÓN ÓS CONTIDOS

O curso céntrase na análise filosófica de problemas selectos da filosofía da mente, nunha tendencia fundamentalmente analítica, pero contando coas ciencias cognitivas e os coñecementos empíricos acerca das bases físicas da consciencia hoxe dispoñibles. Algúns dos temas que se poderán abordar ao longo do curso son:

- O problema dos qualia.
- Teorías filosóficas da percepción e a memoria.
- Emocións: teorías filosóficas.
- A linguaxe do pensamento.
- Modelos computacionais da mente.
- Mente dos animais?
- O problema da identidade persoal.

4.2. ESTRUCTURA DO PROGRAMA.

1. SENSACIÓN, PERCEPCIÓN, MEMORIA.
2. O PROBLEMA MENTE-CORPO.

4.3. DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS

1. SENSACIÓN, PERCEPCIÓN, MEMORIA, EMOCIÓNS.

- 1.1. O problema dos *qualia* e a consciencia.
- 1.2. Sensación e percepción.
- 1.3. Teorías da percepción e os seus problemas.
 - 1.3.1. Teoría realista da percepción.
 - 1.3.2. Realismo directo vs. realismo indirecto ou representacionalismo.
 - 1.3.3. O disyuntivismo.
 - 1.3.4. Fenomenalismo e idealismo.
- 1.4. Teorías da memoria e os seus problemas.
 - 1.4.1. Perspectiva cognitiva e empírica sobre a memoria.
 - 1.4.2. Papel na identidade persoal.
- 1.5. Emocións: teorías, problemas e prospectiva.

2. O PROBLEMA MENTE-CORPO.

- 2.1. Teorías dualistas.
 - 2.1.1. Dualismo cartesiano.
 - 2.1.2. Revisión do dualismo: Lowe.
- 2.2. O conductismo e os seus problemas.
 - 2.2.1. Conductismo lóxico: Gilbert Ryle.
 - 2.2.2. Conductismo psicolóxico.
- 2.3. O materialismo.
 - 2.3.1. Tipos de materialismo.
 - 2.3.2. Problemas do materialismo.
- 2.4. O funcionalismo: tipos e problemas.
- 2.5. Mentes e máquinas.
 - 2.5.1. O modelo computacional da mente.
 - 2.5.2. O connexionismo.
- 2.6. Cognición corporeizada e mente estendida.
- 2.7. Unha perspectiva actual sobre mente-cerebro.

- 2.7.1. Os correlatos neuronais da consciencia: a perspectiva de Koch.
- 2.7.2. Unha perspectiva desde a física.
- 2.8. A mente dos animais.
 - 2.8.1. Mentalismo e lingualismo.
 - 2.8.2. Etoloxía, psicoloxía comparada e neurociencia animal.

5. MATERIAIS BIBLIOGRÁFICOS

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

- Crane, T. (1995/2008): La mente mecánica. Introducción filosófica a mentes, máquinas y representación mental, Fondo de Cultura Económica, México D.F.
- Chalmers, D.J. (1996/1999): La mente consciente. En busca de una teoría fundamental, Gedisa, Barcelona.
- Hansberg, O. & M. Ezcurdia (comps.) (2003): La naturaleza de la experiencia. Vol. I: Sensaciones, Instituto de Investigaciones Filosóficas, UNAM, México.
- Rabossi, E. (comp.) (1995): Filosofía de la Mente y Ciencia Cognitiva, Paidós, Barcelona.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

- Bechtel, W. (1988/1990): Filosofía de la mente, Tecnos, Madrid.
- Block, N., O. Flanagan, and G. Güzeldere (ed.) (1997): The Nature of Consciousness: Philosophical Debates, The MIT Press, Cambridge, Mass.
- Boden, M.A. (ed.) (1990/1994): Filosofía de la Inteligencia Artificial, F.C.E., México.
- Chalmers, D.J. (ed.) (2002): Philosophy of Mind. Classical and Contemporary Readings, Oxford University Press, Oxford.
- Churchland, P.M. (1988/1992): Materia y conciencia: introducción contemporánea a la filosofía de la mente, Gedisa, Barcelona.
- Gregory, R.L. (ed.) (1989/1995): Diccionario Oxford de la Mente, Alianza, Madrid.
- Guttenplan, S. (ed.) (1993): A Companion to the Philosophy of Mind, Blackwell, Oxford.
- Kim, J. (2006): The Philosophy of Mind, Westview, Cambridge, 2ª ed. modificada.
- Lowe, E. J. (2000/2000): Filosofía de la mente, Idea Books, Barcelona.
- Lycan, W.G. & J.J. Prinz (eds.) (2008): Mind and Cognition: An Anthology, Blackwell, Oxford
- Rosenthal, D. M. (ed.) (1991): The Nature of Mind, Oxford U.P., Oxford.

6. MÉTODO DE TRABAJO E METODOLOGÍA DA ENSEÑANZA

Nas clases o profesor fará presentacións iniciais de cada un dos temas e epígrafes. O/A estudante deberá complementar a presentación coa lectura e traballo personalizado dos textos e, eventualmente, expoñerá en clase partes seleccionadas dos mesmos. Propoñeráse como tarefa obrigatoria contestar cuestionarios periódicos. As clases prácticas ou interactivas reservaranse, en xeral, para as exposicións e para preguntas e debate acerca dos textos, para o que será útil o traballo feito contestando os cuestionarios. Nas titorías individuais e de grupo, o profesor aclarará as dúbidas que cada alumno por separado ou os membros dun grupo poidan ir formulando ao longo do curso, tanto sobre os contidos da materia como sobre as distintas tarefas que se irán realizando na avaliación continua.

-Clases expositivas: exposición maxistral, aberta á intervención e o debate.

-Clases interactivas: actividades en seminario con participación activa e protagonista do alumno.

As clases semanais de carácter presencial dedicaranse á exposición polo profesor dos contidos fundamentais do Temario. Para que o estudante prepare os temas remitiráselle a ítems concretos da Bibliografía, así como aos apuntamentos de clase.

Ademais, o profesor poderá deixar algunha lectura (sempre que se poida en español), que se comentará por escrito e/ou oralmente en clase. Un alumno, elixido o azar ou presentado como voluntario, prepararáse unha pequena introdución ao texto para expoñer en clase.

Logo seguirá xeralmente unha discusión do texto para comentar.

Faráise uso do Campus Virtual para seguir as lecturas do curso e subir as tarefas e cuestionarios.

7. SISTEMA DE AVALIACIÓN E APRENDIZAXE

A avaliación continua consistirá en pequenos cuestionarios sobre as lecturas, a realizar en casa. Estes cuestionarios son eliminatorios de materia e substitutivos do exame final. Completan a avaliación continua a asistencia a clase e a titorías e a participación en forma de preguntas e intervencións nos debates de clase. Ademais, ao final o/o alumno/para terá que facer unha pequena exposición sobre un dos temas vistos durante o curso. Para aprobar a materia mediante avaliación continua os/as estudantes deberán obter un mínimo de 5 puntos nos cuestionarios para casa, así como na exposición final. A nota final é o resultado da media ponderada dos distintos ítems, tendo ademais en conta a asistencia e o nivel de participación de

cada estudante.

Os/ as alumnos/ as que dispoñan de dispensa académica poderán superar a materia coa realización de recensións e cuestionarios sobre as lecturas (ou, no seu caso, a realización do exame final).

VARIABLE 1: Asistencia e participación

CRITERIOS: (i) Participación activa en clase; (ii) Participación nos debates e discusións; (iii)

Lectura dos materiais; (iv) Participación no traballo de grupo; (v) Asistencia a titorías

INSTRUMENTO: Observacións e notas do profesor

PESO: 10%

VARIABLE 2: Contestación e presentación, nos prazos establecidos, de cuestionarios

CRITERIOS: A contestación e presentación nos prazos previstos dos cuestionarios sobre as lecturas.

INSTRUMENTO: Cuestionarios periódicos sobre cada tema.

PESO: 25%

VARIABLE 3: Adquisición dos conceptos da materia

CRITERIOS: (i) Dominio dos conceptos, (ii) relación con outros conceptos vistos noutras materias; (iii) actitude crítica, (iv) achegas persoais, reflexivas e creativas

INSTRUMENTO: Dentro do sistema de avaliación continua, haberá unha forma básica de avaliar a adquisición de conceptos da materia: mediante os cuestionarios arriba mencionados (que representan un 25% da nota) e mediante a exposición a final de curso dun tema para elixir entre os propostos polo profesor da materia.

PESO: 65%

-Avaliación de competencias:

- (a) por medio dos controis escritos obrigatorios e os cuestionarios avaliaranse as competencias mencionadas en 3.1. (i), (ii), (iii), (ix) e (x), así como as mencionadas en 3.2. (i), (ii), (iv), (v) e (vi), e finalmente as mencionadas en 3.4. (transversais);
- (b) o resto de competencias avaliaranse mediante as notas do profesor relativas á participación nas clases por parte de cada alumno/a.

Dispensa académica de asistencia a clases presenciais:

Aos/as alumnos/ as que dispoñan de dispensa académica de asistencia a clase pediráselles a entrega dunha recensión crítica de todos os artigos ou textos que seleccionen para o seu

comentario en clase, ademais da realización dos cuestionarios que indique o profesor.

Nota: Para os casos de rendemento fraudulento de exercicios ou probas, aplicaranse as disposicións do “Regulamento para a avaliación do rendemento académico dos estudantes e a revisión das cualificacións”.

ESTIMACIÓN DO TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Tempo de estudo e traballo persoal 3 créditos. Traballo total do estudante: 75 horas.

Clases expositivas: 9 horas

Clases interactivas: 12 horas Horas de titorías: 3 h. Traballo persoal do alumno: 51 h.

TOTAL GLOBAL 75 h.

8. OUTRAS INFORMACIÓNS

1. Recuperar, no seu caso, os coñecementos sobre lóxica, filosofía da linguaxe, teoría do coñecemento, e metafísica, adquiridos nas materias troncais correspondentes.
2. Asistencia regular a clase e participación nas discusións.
3. Ler minuciosamente, antes de cada clase, o guion temático que corresponde (fornecido con anterioridade suficiente polo profesor), anotar as incompresiones ou dúbidas xurdidas da lectura, e, no seu caso, expolas durante a clase.
4. Utilizar, con toda liberdade e confianza, as horas de atención ao alumnado (TITORÍAS) para expor ao profesor (e eventualmente resolver), calquera dúbida ou problema, que estean en relación co Temario, os traballos para realizar, ou calquera outra dimensión académica.

Se se dá calquera dos escenarios 2 e 3, a recomendación é seguir igualmente con regularidade as actividades que se vaian anunciando a través do Campus Virtual e asistir ás sesións telemáticas a través de Teams ou visualizar os vídeos do profesor.

9. OBSERVACIÓNS.

- Os traballos realizados polo alumnado deben entregarse, preferentemente, a través da aula virtual.
- Para os casos de rendemento fraudulento de exercicios ou probas, aplicaranse as disposicións do “Regulamento para a avaliación do rendemento académico dos estudantes e

a revisión das cualificacións”.

- Perspectiva de xénero: Recoméndase facer uso da linguaxe non sexista, tanto no traballo cotiá de aula como nos traballos académicos encomendados, segundo as recomendacións da USC.
- Obrigatoriedade de uso da conta de correo rai.
- Obrigatoriedade de emprego das ferramentas tecnolóxicas institucionais: Campus Virtual, Microsoft Office 365, MS-Teams e outras ferramentas institucionais.
- Non se poderá empregar o de teléfono móbil, salvo cando se use como instrumento de traballo seguindo as indicacións dadas polo docente, responsabilizándose o alumnado das consecuencias legais e académicas que podan derivarse dun emprego non axeitado do mesmo.
- Obrigatoriedade do cumprimento da Normativa de protección de datos.
- O alumnado matriculado ten que amosar competencia lingüística suficiente nalgunha das linguas oficiais da USC.